



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMARIÑAS

DOCUMENTO PARA
APROBACIÓN DEFINITIVA

ORDENACIÓN

TOMO I

- INFORME DE SUSTENTABILIDADE
ECONÓMICA



INFORME OU MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.

**ÍNDICE**

1. ENCAIXE DO CONCEPTO DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.....	3
2. SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DO SOLO DESTINADO A USOS PRODUTIVOS.....	4
2.1. O SOLO EMPRESARIAL E AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.....	4
2.1.1. ESTRUCTURA PRODUTIVA E PROGNÓSE DE CRECIMENTO.....	4
2.1.2. AS NECESIDADES DE RESERVA DE SOLO PRODUTIVO.....	4
2.1.3. AS PREVISIÓNS DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS NO PLAN.5	5
3. O FINANCIAMENTO MUNICIPAL DO PLAN XERAL.....	7
3.1. ANÁLISE DA CAPACIDADE INVESTIDORA MUNICIPAL.....	7
3.1.1. A CONTA FINANCEIRA 2002-2011.....	7
3.1.2. O INVESTIMENTO NO CONCELLO DE CAMARIÑAS NOS ÚLTIMOS ANOS.	9
3.1.3. A ACTIVIDADE INVESTIDORA (2005-2011).....	13
3.1.4. ANÁLISE DOS CUSTES DE MANTEMENTO MUNICIPAL DE DOTACIÓNS E SERVICIOS.....	14
3.2. ESTIMACIÓN BASE DA CAPACIDADE DE INVESTIMENTO MUNICIPAL PARA O PXOM. 16	
3.3. ESTIMACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO E MATERIALIZACIÓN DO PXOM, COMO FONTE DE REINVESTIMENTO MUNICIPAL.....	19
3.3.1. VALORACIÓN DO 10% DO APROVEITAMENTO TIPO DE CESIÓN AO CONCELLO.....	20
3.3.2. CUANTIFICACIÓN GLOBAL DOS RECURSOS ECONÓMICOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.....	21
3.3.3. A VALORACIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO MUNICIPAL DE DOTACIÓNS E SERVICIOS NO DESENVOLVEMENTO DO PXOM.....	24
3.4. BALANCE ECONÓMICO DOS CUSTOS DE MANTEMENTO E OS INGRESOS DERIVADOS DA MATERIALIZACIÓN DO PXOM.....	25
4. REFERENTES FUTUROS DO INVESTIMENTO PÚBLICO DO RESTO DAS ADMINISTRACIÓNS.....	26
4.1. ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS.....	27
4.2. FONDOS EUROPEOS.....	28
5. XUSTIFICACIÓN DA VIABILIDADE DA ASIGNACIÓN DOS INVESTIMENTOS.....	30
5.1. CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS.....	30
5.1.1. IMPACTO DAS ACTUACIÓNS NAS FACENDAS DESTAS ADMINISTRACIÓNS.....	30
5.2. CAPACIDADE DE INVESTIMENTO MUNICIPAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PXOM.....	31
5.2.1. IMPACTO DAS ACTUACIÓNS NA FACENDA PÚBLICA MUNICIPAL.....	31
5.3. INVESTIMENTO PRIVADO.....	33
5.4. CONCLUSIÓNS SOBRE A SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DO PXOM.....	33



1. ENCAIXE DO CONCEPTO DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.

A necesidade dun *Informe ou memoria de sustentabilidade económica* incorpórase á documentación dos PXOM na modificación da LOUG derivada da Lei 2/2010, incorporada como documentación básica do PXOM no punto 1 i) do artigo 61 da LOUG refundida.

Por outra banda, e como fonte fundamental da determinación anterior, o Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo estatal, determina no apartado 4 do seu artigo 15 que, a documentación dos instrumentos de ordenación das actuacións de urbanización debe incluír *“un informe ou memoria de sustentabilidade económica, no que se ponderará en particular o impacto da actuación nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos”*.

Enténdese o concepto de sustentabilidade económica como a xustificación de que os custos do plan (e o posterior mantemento dos elementos que o requiran, no seu caso) poden ser asumidos polos distintos axentes que interveñen no seu financiamento, que dividiremos aos efectos da súa análise en tres grupos:

- O Concello.
- As administracións ou entidades públicas distintas do municipio.
- Os promotores privados, que denominaremos como “Mercado”.

Enténdese tamén como abondamento do contido do artigo 60.3 da LOUG no que atinxe á xustificación das previsións que cumpra realizar con recursos propios do concello, e a “acreditación de conformidade” do financiamento de Sistemas Xerais e das actuacións previstas que se atribúan no Plan ás “administracións ou entidades públicas distintas do municipio”.

Os cadros e gráficos que se achegan en diversas partes do documento recollen a avaliación dos custos en sistemas de infraestrutura, equipamentos e dotacións públicas do Plan Xeral, as actuacións concertadas e o seu financiamento polos distintos axentes públicos, e resúmense ao final as capacidades comparativas de asunción dos custos por parte das administracións.



2. SUFICIENCIA E ADECUACIÓN DO SOLO DESTINADO A USOS PRODUTIVOS.

Na memoria xustificativa, se analizaban as necesidades e a oferta derivada da análise, e a efectos informativos imos a recoller aquí aquela análise, que xustifica suficientemente este aspecto solicitado polo Real Decreto Lexislativo 2/2008.

2.1. O SOLO EMPRESARIAL E AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

2.1.1. ESTRUTURA PRODUTIVA E PROGNOSE DE CRECEMENTO.

No concello de Camariñas o emprego experimenta un estancamento importante (sobre todo nos últimos anos censados). Así, o decrecemento de 6 empregos nos últimos dez anos censados significou unha variación case desprezable.

Evolución do emprego en Camariñas por sectores. 1991-2001

	1991	2001
Agricultura	222	53
Pesca	434	549
Industria	237	361
Construción	491	394
Servizos	682	703
Total	2.066	2.060

Fonte: IGE. Elaboración propia.

Con datos tan homoxéneos non realizaremos proxeccións de evolución do emprego.

2.1.2. AS NECESIDADES DE RESERVA DE SOLO PRODUTIVO.

As proxeccións de necesidade de solo para actividades económicas son, polo tanto, máis complexas que as que se van a realizar para o uso residencial, por existir menos referencias estatísticas e por regularse por parámetros difíciles de cuantificar, pero aínda así utilizaremos os seguintes parámetros:

- As proxeccións de emprego para os próximos anos a partir da súa evolución nos últimos anos, aínda que como xa vimos son datos neutros sen evolución.
- A demanda do mercado local empresarial de solo urbanizado para actividades produtivas a partir da enquisa realizada.
- Os estudos e actuacións desenvolvidos polas anteriores Consellerías de Política Territorial, de Vivenda e Solo e o IGVS.
- A posta no mercado de novas empresas ou solo para actividades empresariais nas últimas décadas e o seu nivel de utilización.
- As necesidades de relocalización de actividades mal implantadas no territorio, para poder ofertar a resolución desas erróneas localizacións.



Estes parámetros cuantificáronse noutros apartados da memoria e a dedución de proxeccións de espazo a cualificar (sen ter en conta as actuacións estratéxicas doutras administracións ou as que se derivan de actuacións novas que non proveñen da evolución das actividades derivadas da evolución da actividade do pasado, actuacións todas elas que se cuantificarán noutros apartados da memoria) imos a realizala a partir deses datos, porque é doado establecer unha equivalencia entre os postos de traballo que se crearán e a superficie de uso empresarial necesaria para eses traballadores estimados.

Ademais temos neste caso unha inestimable axuda complementaria nos estudos e actuacións desenvolvidos polas anteriores Consellerías de Política Territorial, de Vivenda e Solo e o IGVS (basicamente a inclusión do parque empresarial de Camariñas no *Plan Sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia* de 2004 e a súa modificación en 2008 para este Parque), así como a inclusión do Sector industrial de Ponte do Porto no novo Plan sectorial de solo empresarial de Galicia encetado nestes últimos tempos pola CMATI, apoiadas e dimensionadas en base aos estudos de mercado e demanda realizadas pola propia consellería, que xustifican suficientemente a súa necesidade en ambos casos.

Se temos en conta que para non deslocalizar actividades existentes mal implantadas e a necesidade de ofertar solo alternativo para o seu traslado, e por outra banda se a estas necesidades lle sumamos as demandas recollidas na enquisa realizada ao efecto polo concello entre empresas e empresarios da zona, teríamos unha demanda total dunhas 20-25 Ha. de solo bruto.

2.1.3. AS PREVISIÓNS DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS NO PLAN.

As proxeccións de necesidade de solo para actividades económicas deben reflectirse na clasificación do solo do PXOM, e a tal efecto, as reservas que o plan vai a dedicar a uso empresarial en zonas de solo urbanizable recóllense no cadro seguinte:

CLAVE	NOME	SUPERFICIE m2
UDI-A1	Camariñas-I	58.044
UDI-B1	Ponte do Porto-I	177.903
Totais		235.947

A reserva no PXOM é de case 26 Ha. de solo urbanizable para usos industriais-comerciais (coas particularidades xa apuntadas a respecto das tomas de decisión a respecto dalgunhas reservas externas ao PXOM) mais unha reserva complementaria (2,8 Ha.) de ámbitos (que poderán redotarse, desenvolverse e acondicionarse mellor mediante Plans Especiais en solo urbano, se se estima necesario, e tamén ubicar novas actividades en espazos ampliados aínda baleiros) para usos principalmente industriais-comerciais nunha zona en que xa se desenvolven actualmente usos puntuais deste tipo en solo urbano, polo tanto suman



conxuntamente **case 27 Ha.**, superando as estimacións de demanda realizadas mesmo para o ano 2034 (horizonte folgado de vixencia do PXOM).



3. O FINANCIAMENTO MUNICIPAL DO PLAN XERAL.

O conxunto de actuacións públicas que comprenden ás propostas do Plan Xeral correspóndense coa planificación, execución e xestión dos sistemas xerais e infraestruturas básicas que o concello precisa. Nestas accións poden intervir, ademais do Concello, distintas Administracións públicas, ben directamente ou a través da concesión de subvencións, en función das súas competencias e dos hábitos investidores, ou ben os investidores privados, que temos denominado como o Mercado.

O investimento do concello non só financia o desenvolvemento urbanístico (sistemas locais e xerais do planeamento) senón tamén o investimento “non urbanístico” (mobiliario urbano, instalacións informáticas, dotacións en edificios de interese cultural, circulación...) e, especialmente, o investimento de “reposición” destinado a manter en uso adecuado os activos do patrimonio municipal. As previsións de investimento farán referencia ao conxunto do investimento, xestionado polo orzamento municipal.

Os apartados de diagnóstico e situación actual parten da dimensión e a evolución das principais magnitudes de ingresos e gastos de funcionamento, o aforro neto e o investimento non financeiro do período recente (2002-2008), así como dos principais indicadores económicos e financeiros, e segue coa referencia dos niveis de investimento acadados no dito período e o seu financiamento, que deben servir de base ás previsións.

Finalmente, argumentase a viabilidade global para o investimento do concello, como base para a xustificación das asignacións do Programa de Prioridades do EEF.

As previsións baséanse nunha hipótese continuista de crecementos de ingresos e de gastos futuros, considerando acadar un obxectivo de capacidade de investimento medio, polo menos semellante ao investimento medio liquidado no período anterior, que é un indicador da capacidade de xestión municipal.

3.1. ANÁLISE DA CAPACIDADE INVESTIDORA MUNICIPAL.

A análise básica financeira do concello tense analizado no documento da estratexia de actuación e o estudo económico, e no presente apartado imos a afondar máis sobre aqueles aspectos vinculados a determinar a capacidade real municipal de poder asumir o custo derivado da execución do PXOM nos anos vindeiros, a partir da análise detallada dos orzamentos liquidados dos últimos anos.

3.1.1. A CONTA FINANCEIRA 2002-2011.

A Conta Financeira correspondente ás liquidacións dos exercicios 2002 a 2011 permite coñecer cal foi a evolución efectiva dos dereitos liquidados e as obrigas recoñecidas netas, así



como o aforro para obter as claves do funcionamento financeiro das contas municipais e poder extraer conclusións relevantes a respecto da situación financeira do concello, para poder establecer pautas de comportamento ou posibilidades futuras de evolución. No cadro seguinte recóllense as cifras correspondentes:

(Euros correntes)	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Variación global %
Impostos (cap.I e II)	1.184.901	564.373	658.566	728.803	735.746	742.554	687.823	899.491	1.363.895	1.149.355	-3,00
Taxas e prezos públicos (cap.III - CE)	431.376	455.410	490.011	461.363	598.773	559.777	639.408	602.161	584.182	542.824	25,84
Transferencias correntes (cap.IV)	1.221.637	1.649.981	1.674.485	2.667.600	2.275.239	2.863.151	2.680.315	2.491.467	2.139.011	1.894.730	55,10
Ingresos patrimoniais (cap. V)	96.104	4.571	2.813	5.022	8.071	5.260	3.588	2.587	557	1.264	-98,68
1.- Total Ingresos Correntes	2.934.019	2.674.335	2.825.874	3.862.789	3.617.829	4.170.742	4.011.134	3.995.705	4.087.645	3.588.173	22,30
Persoal (cap.I)	920.153	1.101.430	1.164.505	1.275.455	1.866.208	2.023.343	2.042.816	1.894.845	1.611.221	1.622.503	76,33
Compra de bens e servizos	993.442	1.166.353	1.349.478	1.463.244	1.582.544	1.807.670	2.061.584	1.990.523	1.900.893	1.763.286	77,49
Gastos financeiros (cap.III)	24.283	21.466	17.326	15.444	16.922	30.626	52.844	41.865	49.814	56.355	132,08
Transferencias correntes (cap.IV)	54.890	53.309	69.414	60.224	70.055	87.878	105.703	94.710	89.681	20.533	-62,59
2.- Total Gastos Correntes	1.992.768	2.342.558	2.600.723	2.814.367	3.535.729	3.949.517	4.262.946	4.021.944	3.651.609	3.462.677	73,76
Gastos de funcionamento (cap.I, II e IV)	2.406.538	2.214.353	2.333.050	3.396.403	3.010.984	3.605.705	3.368.138	3.390.958	3.502.906	3.044.085	26,49
3.- Aforro bruto (1-2)	941.251	331.777	225.151	1.048.421	82.099	221.226	-251.813	-26.239	436.036	125.496	-86,67
4.- Gastos de capital financeiros (cap. IX, agás curto prazo)	71.176	77.859	75.346	84.915	87.851	98.409	128.724	144.306	201.518	235.463	230,82
5.- Aforro neto (3-4)	870.075	253.917	149.804	963.507	-5.752	122.816	-380.536	-170.545	234.518	-109.967	-112,64
Contribucións especiais (art. 3.6 de ingresos)*	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Transferencias de capital (cap. VII de ingresos)	240.182	1.028.735	583.676	606.482	696.582	561.725	559.365	1.507.216	1.253.771	959.866	299,64
Enaxenación de investimentos (cap. VI de ingresos)	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
6.- Ingresos de capital non financeiros	240.182	1.028.735	583.676	606.482	696.582	561.725	559.365	1.507.216	1.253.771	959.866	299,64
7.- Autofinanciación (5+6)	1.110.257	1.282.653	733.481	1.569.989	690.830	684.542	178.829	1.336.672	1.488.289	849.899	-23,45
Investimento real (cap. VI de gastos)	777.446	1.643.377	905.147	1.073.950	1.090.369	1.309.968	913.105	1.926.661	1.573.238	1.572.701	102,29
Transferencias de capital (cap.VII de gastos)	47.273	4.322	0	0	59.522	55.404	14.320	72	531	0	-100,00
8.- Gastos de capital non financeiros	824.719	1.647.699	905.147	1.073.950	1.149.891	1.365.372	927.425	1.926.733	1.573.769	1.572.701	90,70
9.- CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (7-8)	285.538	-365.047	-171.666	496.039	-459.061	-680.830	-748.596	-590.061	-85.480	-722.803	-353,14
Variación activos financeiros (cap. VIII de ingresos- cap. VIII de gastos)	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	
Endebadamento (cap. IX de ingresos)	96.162	0	26.712	158.499	207.093	391.154	405.296	541.245	926.139	0	-100,00
10.- Saldo financeiro	96.162	0	26.712	158.499	207.093	391.154	405.296	541.245	926.139	0	-100,00
11.- SUPERAVIT OU DEFICIT DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA (9+10)	381.700	-365.047	-144.953	654.538	-251.968	-289.676	-343.301	-48.816	840.659	-722.803	-289,36

Cómpre sinalar que o notable incremento dos gastos correntes, a respecto dos ingresos correspondentes, ten levado a unha evolución negativa do aforro bruto ata o déficit de 0,3 M€




de 2008 ou de 0,03 M€ de 2009, e o aumento dos gastos de capital dende 2002 agrava esa situación, que leva a un déficit de aforro neto de 0,17 M€ en 2009 e de 0,1 M€ en 2011.

Por outra banda, os ingresos de capital non financeiros mantéñense ou aumentan dende 2002 (cun incremento moi notable en 2009 e 2010), o que leva á conclusión de que as posibilidades de autofinanciación do concello son positivas e crecentes ata 2011, con máximos en 2005 e 2010 de 1,5 M€, pero aínda así, o Concello vén obrigado a recorrer a remanentes, a venda de activos ou a necesidade de financiamento ou créditos (estes últimos crecentes nos últimos anos), feito que limita de xeito importante as condicións financeiras municipais, non só a respecto do investimento, senón tamén do gasto corrente, que non se pode financiar autonomamente, aínda que no penúltimo ano (2010) houbo superávit de 0,8 M€ (feito moi notable en tempos de crise), pero no último ano (2011) voltase ao déficit (0,8 M€).

3.1.2. O INVESTIMENTO NO CONCELLO DE CAMARIÑAS NOS ÚLTIMOS ANOS.


Explicar primeiramente que a partir do detalle de investimentos dende o ano 2002 a 2011, con maior ou menor detalle de desagregación entre administracións, e de onde se poden obter certas e interesantes consideracións a respecto do investimento real neste concello. Analizaremos, en primeiro lugar, as achegas por transferencias de capital das distintas administracións (dado que o resto de procedencias das transferencias de capital son case irrelevantes).




Como ben se refire nos cadros resumo anteriores, o investimento dos últimos anos a cargo do concello vén soportado con cargo ás transferencias de capital da Xunta de Galicia, e as



subvencións da Deputación, acadando porcentaxes moi baixas ou mesmo nulas nalgúns anos o investimento con cargo ás transferencias de capital do Estado (agás os casos de actuacións puntuais como os anos 2003 polo Prestige, e 2009 e 2010 polo PlanE).



Dentro desta **distribución dos ingresos por transferencias de capital**, sinalar finalmente que a principal administración, por importe do ingreso total no período 2002-2011, é a Deputación, co 50% do total, mentres que o Estado chega ata o 31% do total, a Xunta de Galicia tan só chega ata o 19% do total, e apenas un 7% para o resto de transferencias.






Cómpre salientar a variabilidade do investimento procedente das diferentes administracións nestes últimos anos, o que fai pensar claramente no maior ou menor pulo político para cada unha das actuacións configuradas, de xeito que o propio Concello sofre dunha importante incerteza para configurar os seus orzamentos ou, cando menos, de levalos adiante de xeito efectivo.

O resultado pódese enfocar despois cara a prever novos investimentos xustificadas nun proceso histórico de mantemento de ingresos, ou ben a tentar dar un xiro que deveña en novos modos de planear os posibles ingresos por taxas e impostos, de transferencias de capital, e os conseguíntes investimentos axeitados aos novos desenvolvementos previstos.


No referido ao apartado de Gastos, a análise refírese ao **capítulo 6 de Investimentos Reais**, dos que se teñen achegado datos de liquidacións entre os anos 2002 e 2009. Neste campo, salienta a importante variabilidade anual das contías deste capítulo, que poñemos en comparanza no gráfico seguinte cos ingresos por transferencias de capital denantes analizadas.



Dado que como xa temos sinalado, o resto de procedencias das transferencias de capital son case irrelevantes, o resto de investimento (non temos aquí en conta as transferencias de capital efectuadas polo concello a favor doutros) realízase con recursos habilitados por diversos medios por parte do Concello (ben con recursos propios de aforro, con outros recursos non correntes, con créditos concedidos, ou ben xerando déficit ou endebedamento complementario). Trataremos de representar estas diversas procedencias ou resultados




deficitarios no cadro seguinte, onde tamén se desagregan as transferencias de capital e as súas respectivas procedencias.





É importante salientar que tan só nalgúns anos os investimentos puideron ser financiados con fondos propios en proporcións significativas (2002 e 2005), mentres noutros casos se fixo principalmente mediante o recurso da concertación de préstamos (2008, 2009 e 2010), e no peor dos casos en base á xeración de déficit (2003, 2004, 2006, 2007 e 2011, aínda que se tiña recuperado o déficit nos anos 2008 a 2010). Esta situación, xunto coa porcentaxe decrecente de recursos propios empregados, e o déficit de 2011 (debido as limitacións para o endebedamento impostas polo Estado, pese a mellora experimentada nos tres anos anteriores 2008-2010 sen déficit, pero con préstamos), derivan nunha situación da facenda municipal que dificulta manter o nivel de investimentos no futuro, situación que se representa axeitadamente no gráfico seguinte, en porcentaxes, e separado o investimento con recursos (mesmo os procedentes de créditos ou préstamos concedidos) e –no seu caso- o déficit xerado.



3.1.3. A ACTIVIDADE INVESTIDORA (2005-2011).

No que atinxe á actividade investidora do concello, cómpre ter presente que, pola contra do que acontece cos ingresos e gastos correntes, que comezan e rematan co exercicio orzamentario, no sentido de que os ingresos non liquidados e gastos non recoñecidos non poden “arrastrarse” ao exercicio seguinte, para a análise do investimento non é tan significativo o que acontece ano por ano, senón nun determinado período.



Como punto de partida, o cadro seguinte recolle a evolución no período 2005-2011, dos gastos de capital non financeiros dos orzamentos liquidados e a evolución dos recursos de capital liquidados (a excepción do capítulo VIII de ingresos).

Valores en Euros.	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	Valores Medios
Contribucións Especiais liq.	0	0	0	0	0	0	0	0,00
Investimento liquidada (cap. VI + cap. VII)	1.073.950	1.149.891	1.365.372	927.425	1.926.733	1.573.769	1.572.701	1.369.977
Transferencias de capital (cap. VII/Ingresos.)	606.482	696.582	561.725	559.365	1.507.216	1.253.771	959.866	877.858
Venda de activos (cap. VI/Ingresos)	0	0	0	0	0	0	0	0,00
Endebemento (cap.IX/Ingresos)	158.499	207.093	391.154	405.296	541.245	926.139	0	375.632

O aspecto máis relevante da análise comparativa dos niveis de investimentos liquidados do concello de Camariñas, é que tanto o investimento liquidado total anual medio do período de 1,4 M€ equivalente a 222 euros/habitante, resulta ser inferior a do último ano liquidado (2011, con 255 euros/habitante) e tamén inferior a media dos municipios galegos (244 €/habitante en 2010), e bastante inferior á media estatal (276 €/habitante en 2010) e a dos municipios do resto de Comunidades Autónomas.

A diferenza débese neste caso a unha xeneralizada situación financeira municipal, debido aos custos fixos mínimos da administración municipal, e a unha substancial rebaixa dos ingresos nos últimos anos, sobre todo cando o concello conta con pouco marxe de manobra, feito agudizado pola actual fase de crise global.

3.1.4. ANÁLISE DOS CUSTES DE MANTEMENTO MUNICIPAL DE DOTACIÓNS E SERVIZOS.

Os custos de mantemento municipal de infraestruturas, dotacións e servizos extraírense da análise da clasificación funcional das liquidacións de orzamentos municipais, analizándose e contextualizándose para extraer conclusións e datos económicos que permitan avanzar uns custos de mantemento futuro de novos servizos que se porán en marcha en desenvolvemento do PXOM. No seguinte cadro recóllense os correspondentes a liquidación de presupostos de 2009 e agrúpanse funcionalmente aqueles que se poden desagregar e afectan directamente ás prestacións que se derivarán directamente da execución do PXOM.



Clave funcional	Natureza funcional do gasto	2011	€/Hab	
13	Seguridade e mobilidade cidadá	88.795	14,40	
23	Servizos Sociais e promoción social	358.263	58,08	72,48
31	Sanidade	18.048	2,93	
32	Educación	104.314	16,91	
33	Cultura	232.779	37,74	
34	Deporte	337.264	54,68	112,26
151	Urbanismo	123.255	19,98	
155	Vías públicas	1.117.334	181,15	
161	Saneamento, abastecemento e distribución de augas.	482.410	78,21	
162	Recollida, eliminación e tratamento de residuos.	412.247	66,84	
163	Limpeza viaria.	116.086	18,82	
164	Cemiterios e servizos funerarios	19.606	3,18	
165	Alumeado público	140.576	22,79	
169	Outros servizos de benestar comunitario	0	0,00	
171	Parques e xardíns	8.665	1,40	392,38
44	Transporte público	0	0,00	0
450	Administración Xeral de Infraestruturas	0	0,00	
452	Recursos Hidráulicos	0	0,00	
453	Estradas	103.178	16,73	
454	Camiños veciñais.	5.563	0,90	
459	Outras infraestruturas	0	0,00	17,63
	TOTAL das funcións seleccionadas	3.668.382	594,74	
	GASTO TOTAL MUNICIPAL ANUAL	5.270.842		
	% funcións respecto gasto total	69,60%		

Aquelas prestacións ou servizos que non teñan referente territorial (ou que non se poidan dispoñer datos relativos a esa implantación territorial) tomaranse con referencia a poboación á que serven (ou á poboación total municipal no seu defecto), para determinar un custo asignable aos novos crecementos ou desenvolvementos previstos, ou á mellora necesaria dos servizos e dotacións actuais para servir a unha poboación maior.

Tamén existirán servizos que demandan custos de mantemento dende o mesmo momento da súa implantación (como os servizos equipamentais ou dotacionais), e outros que terán un período de carencia ou de innecesariedade de mantemento a partir do momento da súa construción (como as obras de urbanización en xeral ou algúns dos servizos urbanísticos), período a partir do que si empezarán a precisar labores crecentes de mantemento ou reposición, por tanto estes períodos de carencia de mantemento valoraranse segundo o tipo de obra ou servizo. Así mesmo, algúns dos servizos prestados polo Concello repercutiranse directamente ao consumidor e teoricamente serán autosostibles ou autofinanciables (como os residuos sólidos urbanos, o abastecemento de auga ou o saneamento, que poderán ser xestionados por empresas prestatarias ou subministradoras), e por tanto, con carácter xeral, non suporán custos a soportar directamente polo Concello, pero outros como o alumeado público, a limpeza viaria ou o mantemento e reparación do sistema viario municipal correrán a cargo directo do Concello, e suporán gastos anuais que haberá que cuantificar.



A partir dos datos reais de custos da liquidación de presupostos municipais de 2011 recollidos no cadro anterior, elaboramos o seguinte cadro de custos e unidades de medida para calcular unha estimación futura de gastos de mantemento municipal de infraestruturas, dotacións e servizos.

Claves funcionais intervinientes	Natureza funcional do gasto	Custo unitario	Unidade de medida
13 ,23	Seguridade e protección civil e social	72,48	€/Hab
31 ,32 ,33 ,34 ,164,169,	Equipamentos e dotacións	115,44	€/Hab
151,155,453,454	Mantemento construtivo e reposición de novo viario público municipal nos núcleos de poboación	1,260	€/m2
151,155,453,454	Mantemento construtivo e reposición de novo espazo libre público municipal nos núcleos de poboación	0,420	€/m2
163,165,171	Mantemento espazo público municipal nos núcleos de poboación (inclúe limpeza, alumeado público e conservación xardíns)	0,639	€/m2
163,165,171	Mantemento espazo público municipal no medio rural (inclúe limpeza, alumeado público, conservación xardíns e reposición construtiva)	0,213	€/m2
44	Transporte terrestre, marítimo, fluvial e aéreo	Non é preciso un servizo municipal deste tipo neste concello	
161	Saneamento, abastecemento e distribución de augas	Autofinanciados	
162	Recollida de lixo	Autofinanciado	

3.2. ESTIMACIÓN BASE DA CAPACIDADE DE INVESTIMENTO MUNICIPAL PARA O PXOM.

Non toda a capacidade de financiar investimento con aforro e crédito pode dedicarse a financiar investimento urbanístico novo, é dicir, investimento do Plan, senón que unha parte ten que cubrir as necesidades mínimas de reposición de activos e de investimento non urbanístico. Ditas necesidades supoñen unha media aproximada do 30 ao 50% do total de investimento municipal anual nun concello dinámico en crecemento, pero a intervención do concello advertiu de que neste concello a capacidade por este concepto debería ser bastante menor para poder atender as limitacións de todo tipo impostas e a situación financeira municipal neste intre e para os próximos anos, por tanto a capacidade de investimento podemos estimala neste caso só un 12% da inversión municipal para atender ao PXOM, por tanto uns 27 euros/habitante/ano, prorrateando ao 12% a cifra total de investimento medio calculado en apartados anteriores.

A respecto da previsión de recursos dispoñibles para investimento nos próximos anos, pátrese da análise da facenda municipal nos últimos anos (2002-2011), establecendo unha hipótese de evolución que teña en conta algunhas condicións de continuidade dos orzamentos liquidados para investimento.



O investimento medio anual realizado no concello de Camariñas é de 1,4 M€.

Como se pode comprobar na táboa do citado apartado anterior, os investimentos anuais realizados no municipio non seguen unha traxectoria excesivamente regular e facilmente analizable, polo que facer unha previsión sobre a evolución dos mesmos no futuro resulta dificultoso. A diferenza entre o investimento menor realizado no 2.002 (0,82 M€) e no 2009 cun investimento de 1,93 M€ é considerable.

Polo tanto, para facer unha previsión do investimento aplicable ao P.X.O.M para os vindeiros anos partiremos da evolución do investimento dos últimos anos de evolución normalizada (2004-2011, que ademais conforma unha boa continuidade dos datos, polo menos entre as cifras inicial e final deste período), debido ás dificultades que se poden observar para intentar establecer unha secuencia investidora máis ou menos previsible co que se poidan establecer valores de investimento máis fiables, polo tanto tomaremos ese valor de investimento en 2011 como referente válido e como punto de partida para asignar cantidades investidoras asumibles polo concello de Camariñas, tomando como base esa cifra dende ese ano, engadíndolle unha porcentaxe mínima de variación, tomada en base ao crecemento esperado (pero que para introducir un factor corrector pola actual fase de crise reduciremos ao 1%). Partindo deste investimento base e esa evolución porcentual, previsible para os seguintes anos, aplicaremos un crecemento constante nos vindeiros anos, nunha porcentaxe constante do 1 % cada ano, sobre o anterior, e partindo do ano 2013 como o primeiro no que se podería aprobar o plan.

Establécese este procedemento de investimento, tendo en conta o efecto positivo que a aplicación do Plan Xeral terá en Camariñas (aínda que os efectos directos derivados do desenvolvemento do plan detallaranse máis no seguinte apartado), polo que a capacidade investidora do concello ten que ir en aumento.



	ANOS	INVESTIMENTO PREVISTO	INVESTIMENTO NO PXOM
1	2013	1.604.313	192.518
2	2014	1.620.356	194.443
3	2015	1.636.559	196.387
4	2016	1.652.925	198.351
5	2017	1.669.454	200.335
6	2018	1.686.149	202.338
7	2019	1.703.010	204.361
8	2020	1.720.040	206.405
9	2021	1.737.241	208.469
10	2022	1.754.613	210.554
11	2023	1.772.159	212.659
12	2024	1.789.881	214.786
		20.346.701	2.441.604
FORA PROGRAMA	2025	1.807.780	216.934
	2026	1.825.858	219.103
	2027	1.844.116	221.294
	2028	1.862.557	223.507
	2029	1.881.183	225.742
	2030	1.899.995	227.999
	2031	1.918.995	230.279
	2032	1.938.185	232.582
	2033	1.957.566	234.908
	2034	1.977.142	237.257
			18.913.376

A programación da execución do Plan Xeral faise para un período de iniciación de todas as actuacións de 12 anos que comprende tres períodos de catro anos, a partires do exercicio 2013, e logo un remate de actuacións e o esgotamento da oferta do plan durante dez anos máis, ata 2034. Se consideramos unha dispoñibilidade de recursos provenientes de aforro e crédito para investimento urbanístico novo, segundo o sinalado no cadro anterior, a capacidade total para financiar os investimentos asignados polo Plan ao municipio, será de **2,44 M€** no período **2013-2024** (uns 0,2 M€ anuais) e que permite cubrir case todas as asignacións que no Estudo Económico Financeiro se lle atribúen (recordemos que esta asignación implica 2,7 M€ para os investimentos asignados ao concello nese período 2013-2024, por tanto haberán de recorrer aos recursos propios que o desenvolvemento do PXOM vai a xenerar, como veremos nos próximos apartados), pero as asignacións totais ao concello nos 22 anos de programación máxima (**4,3 M €**) si son máis folgadas (contando con que hai 10 anos máis de capacidade investidora a sumar á cifra denantes calculada para os 12 anos, e que implican un total de 4,7 M€, por tanto sobrarían 0,3 M€), e permiten unha certa marxe para poder cubrir outras demandas imprevistas ou para corrixir aumentos das participacións que se lle atribúen ao concello nas actuacións previstas.



Aos recursos anteriores o concello poderá engadir outros recursos adicionais de investimento derivados do desenvolvemento do plan (sobre todo nos primeiros tres cuatrienios, que se detallaran máis no seguinte apartado), para poder acadar a capacidade financeira necesaria para acometer as súas obrigas estimadas de investimento.

Estes 4,3 M € corresponden a unha media anual de investimento de 0,195 M€ para cada un dos 22 anos de aplicación do Plan. Aínda que hai que ter en conta este dato só de maneira indicativa e como referente da capacidade de asumir este investimento por parte do concello, xa que, como é lóxico, debido ás características deste tipo de accións, non se poden establecer anualidades fixas constantes en cada consignación orzamentaria dos diversos anos, e ademais o plan vaise a materializar con toda seguridade en máis tempo.

3.3. ESTIMACIÓN DOS INGRESOS MUNICIPAIS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO E MATERIALIZACIÓN DO PXOM, COMO FONTE DE REINVESTIMENTO MUNICIPAL.

A respecto das cuestións económicas, non nos atopamos evidentemente, na mellor das situacións, incluso tendo en conta que a situación vai transitoriamente a peor (pois, por exemplo, o ríxido plan de contención estatal a mediados de 2010, mais o novo axuste que se acaba de poñer sobre a mesa polo goberno derivado dos pagos atrasados a provedores en 2012, limita a capacidade de endebedamento das administracións, en principio para os concellos moi endebedados, pero por outra banda, cada vez intentábase reducir máis o horizonte do Plan (tendencia sabiamente diluída ao eliminar as DOT aprobadas en Febreiro de 2011 o límite que inicialmente era de 12 anos, como resposta acertada a actual fase de crise que vai a precisar dun alongamento dos prazos de execución do planeamento, sobre todo no aspecto residencial), por tanto téntase ir ao límite das necesidades reais de Camariñas para un prazo maior (entre 12 e 22 anos), sen perder o potencial residencial e económico que o concello e a vila demandan, e evidentemente o Concello ten un papel primordial nestas decisións, e logo en afrontar os custos derivados proporcionais que lle correspondan.

Dando por suposto que a situación do concello na hipotética situación de desenvolvemento total do plan, nos prazos previstos, implica moita máis capacidade económica da que se recolle no apartado anterior (como capacidade nas condicións actuais), pois en realidade esa materialización do plan implica, en primeiro lugar uns importantes ingresos polos acordos de contraprestacións económicas suplementarias derivadas de convenios urbanísticos (no seu caso), ou pola materialización económica dunha parte –que se pode estimar– das cesións de aproveitamento ao concello en ámbitos de desenvolvemento, despois por importes de taxas e impostos de construción e urbanización, e logo unha vez construídas as edificacións, impostos polo valor inmobiliario das mesmas e os correspondentes as achegas impositivas dos novos habitantes e usuarios desas construcións, por tanto, o investimento do propio concello na materialización do PXOM non é un gasto sen máis, senón a semente para aumentar o seu potencial económico e de estatus administrativo ou institucional, e recoller novos froitos



económicos cos que poder reinvestir e completar o custo económico de desenvolvemento previsto no PXOM e asignable ao Concello. No caso de que a materialización do plan se alongue máis no tempo, tamén se rebaixará proporcionalmente a necesidade de investimento municipal, e manterase o equilibrio do investimento e a súa necesaria sustentabilidade.

Nos seguintes apartados imos a intentar recoller os principais recursos económicos que se derivarán do desenvolvemento total do plan.

3.3.1. VALORACIÓN DO 10% DO APROVEITAMENTO TIPO DE CESIÓN AO CONCELLO.

Segundo se recolle no art. 176.1 da LOUG, as cesións do 10% do aproveitamento urbanístico debe formar parte do Patrimonio Municipal do Solo cuxa finalidade consiste en “obter reservas de solo para actuacións públicas, facilitar a execución do Plan e contribuír á regulación do mercado de terreos destinados ao desenvolvemento urbanístico”. Establécese tamén no art. 177.2. que “o concello poderá allear os terreos incluídos no patrimonio municipal do solo, así como substituír a cesión dos terreos correspondentes ao 10% do aproveitamento lucrativo por cantidade en metálico... debendo destinar os recursos obtidos a algunha das finalidades (do patrimonio municipal de solo)...”, se ben “cando exista demanda de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, polo menos o 50% dos bens e dereitos obtidos con cargo ao 10% de cesión obrigatoria será destinado preferentemente a cubrir dita necesidade”.

Dito isto, o plan xeral prevé que só o 50% do valor do alleamento de solo procedente do 10% do aproveitamento poderá ser destinado a financiar actuacións que melloren as dotacións e servizos municipais ou da vila, á vez que o restante 50% do 10% deberá ser destinado á reserva de solo para desenvolver actuacións de vivenda protexida, é dicir destinalo a manter sempre ese Patrimonio en valor, o cal quere dicir que se se allea debe ser a prezos que posibilitan a construción de vivenda protexida; e, de non ser así, tería que dirixir o valor da venda dos mesmos á compra de, como mínimo, solo para a construción de igual número de vivendas que as que se allearon para vivenda libre.

En todo caso, a Lei establece que un 50% do valor do aproveitamento urbanístico que lle corresponde ao concello pode e, mesmo no caso da lexislación galega, debe allearse a prezos de mercado. E esa baixo ese suposto que se calculou ese valor.

Actuando deste xeito resulta que o valor total do solo que obterá o concello pola materialización da cesión do 10% do aproveitamento que ao concello corresponde por mandado de lei, acada un importe de **5,2 millóns €** polo que o 50% deste, é dicir **2,6 millóns € é valor que pode dedicar o concello á factura do Plan do total do orixinado polas plusvalías que corresponden ao sector público**, dirixíndoo, loxicamente ao financiamento de investimentos en sistemas. Para todo o período de vixencia do Plan Xeral. Ben é certo que este recurso vai ter un desenvolvemento temporal, isto é, unhas disposicións anuais ben diferentes, porque, durante o tempo de desenvolvemento das actuacións en marcha (que



abranguen os tres primeiros anos, o financiamento dos sistemas que lle corresponden ao concello xa están contabilizados dende o momento no que se aprobaron definitivamente os proxectos de equidistribución e urbanización ou o equivalente nas actuacións públicas; e os aproveitamentos das operacións de desenvolvemento urbanístico propias do PXOM non comezarán a dispor a materialización deses aproveitamentos correspondentes ao concello, como moi pronto ata o terceiro ano do plan e no segundo cuatrienio (porque nos primeiros dous anos do primeiro só se desenvolverán labores de planeamento e xestión para a parte exclusiva do que o plan denomina actuacións prioritarias). Xa que logo, os valores máis potentes do financiamento a través dos ingresos polos aproveitamentos urbanísticos, efectuaranse nos anos posteriores, na medida en que se van ir desenvolvendo os novos ámbitos e sectores do PXOM.

De tódolos xeitos é preciso ter en conta que, por períodos cuatrienais xeraranse por este recurso uns 0,2 millóns €, no primeiro cuatrienio, uns 0,7 millóns € no segundo e no terceiro, e uns 0,9 millóns € fora de programa. Deste xeito obteríanse unha media de 0,1 mill €/ano que apoiarían a capacidade investidora precisa para executar as previsións consideradas no plan xeral.

Loxicamente, insístese, hai que pensar que nos primeiros anos de vixencia do plan os novos desenvolvementos aínda non terían entrado na xestión propia do reparto de beneficios e cargas e polo tanto no establecemento dese 10% de cesión ao concello, e á súa cesión efectiva, polo que, se ben inicialmente o Concello aínda tería capacidade propia para seguir recorrendo ao investimento baseado no alleamento da bolsa do solo actual, precísase que entrasen nesa bolsa e polo tanto podería facerse efectivo o alleamento a partir do terceiro-cuarto ano do C1 (primeiro cuatrienio).

Exponse a continuación o cadro resumido da procedencia das cesións do 10% e da súa valoración:

Clase de solo	Uso principal do ámbito	Edificabilidade total	Cesión de aproveitamento	Valoración económica (miles de €)
Urbano non consolidado	Residencial	113.980	11.398	2.279,61
Urbanizable	Residencial	60.997	6.100	1.219,93
Urbanizable	Industrial	141.568	14.157	1.698,82
TOTAL				5.198,36

3.3.2. CUANTIFICACIÓN GLOBAL DOS RECURSOS ECONÓMICOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

Os datos obtéñense cos valores dos impostos e taxas facilitadas polo Concello de Camariñas, publicadas no BOP nº 299 de 30 de decembro de 2004 e no BOP nº 264 de 17 de novembro de 1999 (actualizada o 13-12-2008).



Por outra banda, os ingresos por impostos e licenzas de obras, apertura e primeira ocupación obtéñense aplicando ditas taxas ao número de licenzas supostas, que se pedirían de acordo coa ordenación para os diferentes usos e tipoloxías edificatorias, facendo unha distinción básica entre usos residenciais e non residenciais.

En referencia aos ingresos derivados do IBI, as cotas por este imposto catastral estímase a partir da última liquidación deste imposto nos presupostos liquidados municipais, extrapolando o incremento a partir dunha proporción simple das novas construcións previstas por períodos temporais no PXOM a respecto das existentes no momento actual (das que si temos as cotas realmente satisfeitas).

A cuantificación de todos estes novos ingresos derivados dos novos recursos que o plan en desenvolvemento porá en mans do Concello, supera con creces as achegas que corresponden ao concello no presente PXOM (aínda que con toda lóxica estimemos que unha parte deses novos ingresos non se poida destinar efectivamente ao desenvolvemento do PXOM). No cadro seguinte imos a intentar recoller os principais recursos económicos que se derivarán do desenvolvemento total do plan.

Potencial económico do PXOM	Tasa ou %	Medición/ Proporción	MEDIA ANUAL	TOTAL
CONCELLO	Actual	PXOM		
Cesión 10% aproveitamento	50,00%	5.198.361	118.145	2.599.181
Taxa licenzas construción	3 €	3.573	162	3.573
Taxa licenzas 1ª ocupación	3 €	3.573	162	3.573
ICIO Edificación residencial	(2%),507	323.251	149.136	3.280.994
ICIO Edificación industrial	(2%),283	155.816	40.194	884.257
ICIO Urbanización de ámbitos		13.838.491	12.580	276.770
Incremento medio IBI	73,22%	612.363	306.181	6.735.993
IBI actual	0,5	836.279		
		TOTAL	626.561	13.784.339
	Pob actual	6.168	101,58	€/hab
	Pob horizonte	7.538	83,12	€/hab

Por poñer un exemplo, só coa nova construción de uso residencial e asimilados que contempla o PXOM e coas taxas e tarifas actuais de construción, os ingresos municipais polo imposto de construcións, instalacións e outros (ICIO) acadaría para as novas edificacións deste uso case 3,2 millóns de euros, que sumados ás taxas para outros usos ou tipoloxías edificatorias e ás obras de urbanización dos ámbitos de planeamento contemplados, pode elevarse noutros 1,2 millóns de euros.

Por outra banda, o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) de 0,8 millóns e euros anuais en 2011 aumentaría máis dun 73% coa materialización da construción prevista no plan (polo tanto en máis de 0,6 millóns de euros totais anuais, a maiores, de ingresos de forma progresiva, a medida que se materializan as edificacións, por tanto podemos estimar unha media anual de 0,3 millóns de euros que para os 22 anos de horizonte do plan implican outros 6,7 millóns de



euros), por tanto, estamos falando dunha posibilidade –non exhaustiva- de case 11 millóns de euros (13,8 incluíndo o 50 % de cesións), por non falar do 50% restante das cesións de aproveitamento xa citadas (outros 2,6 millóns de euros), que coas modificacións da LOUG se teñan liberado máis a respecto do seu alleamento (e no momento de crise actual é unha opción máis).

Contando con estas cantidades suplementarias, que (ademais dos recursos propios e a capacidade de endebedamento, que non se inclúen nesta cifra, polo menos unha vez liberadas as limitacións a este respecto establecidas polo Goberno Central) se poden dedicar ao PXOM (case 14 millóns de euros), cubriría dabondo a achega indicada para o concello polo PXOM no suposto da súa materialización total (supón unha capacidade de investimento suplementaria duns 101 €/hab./ano a respecto da poboación actual, e de 83 €/hab./ano a respecto da poboación horizonte do PXOM).

De calquera xeito, pensamos que aínda que estea xustificada a viabilidade das previsións, a situación económica nestes intreos é suficientemente problemática como para pensar na posibilidade de que o presente plan vai a poder durar máis dos 22 anos previstos (polo menos mentres non se recupere o nivel de execución previo á actual crise), e por tanto, con toda probabilidade a materialización que corresponderá ao concello vai a poder realizarse con maior folgora, nun prazo temporal máis dilatado, e por tanto cun montante anual bastante máis baixo que o máximo que se contempla no EEF (que como xa temos sinalado corresponderá a unha execución matemática do 100 % das previsións, ata o esgotamento do plan nos 22 anos teoricamente previstos).

Pódese abondar máis na materialización destes recursos, procedendo á súa distribución temporal por cuadrienios, en función da progresión de materialización estimada no propio PXOM, tendo en conta a materialización progresiva de ámbitos de desenvolvemento, e facendo unha distinción básica entre usos residenciais e non residenciais:

CUADRIENIO	1º	2º	3º	RESTO	TOTAL
ANOS	4	4	4	10	22
Desenvolvemento das actuacións					
ACTIVIDADES ECONOMICAS (m ²)	19.947	76.483	73.634	94.379	264.443
% respecto total	7,54%	28,92%	27,84%	35,69%	100,00%
Nº VIVENDAS	123	359	328	416	1.224
% respecto total	10,02%	29,28%	26,75%	33,95%	100,00%
Materialización económica (valores anuais)					
Cesión 10% aproveitamento	57.070	189.094	177.366	90.506	2.599.181
Taxa licenzas construción	78	260	244	124	3.573
Taxa licenzas 1ª ocupación	78	260	244	124	3.573
ICIO Edificación residencial	82.209	240.158	219.388	111.397	3.280.994
ICIO Edificación non residencial	16.675	63.937	61.555	31.559	884.257
ICIO Urbanización de ámbitos	6.077	20.135	18.887	9.637	276.770
Incremento medio IBI	14.332	90.483	258.664	528.208	6.735.993
TOTAL POR PERÍODO	176.520	604.328	736.347	771.556	13.784.339



Pódese concluír que o Concello vai a ter garantida a capacidade de investimento previsto en paralelo ás necesidades de materialización do PXOM cos recursos que esta propia materialización vai a xerar, polo tanto garántese a sustentabilidade destas previsións a respecto das achegas correspondentes ao Concello.

3.3.3. A VALORACIÓN DOS CUSTOS DE MANTEMENTO MUNICIPAL DE DOTACIONES E SERVIZOS NO DESENVOLVEMENTO DO PXOM.

A partir dos datos reais de custos da liquidación de orzamentos municipais de 2011 recollidos no apartado 3.1.4 da presente memoria, tense elaborado un cadro de custos e unidades de medida de referencia que se aplicarán sobre as magnitudes de cada parámetro que se vaian materializando, segundo a estimación realizada do desenvolvemento do PXOM, para calcular unha estimación futura de gastos de mantemento municipal de infraestruturas, dotacións e servizos, sen ter en conta o establecemento de entidades de conservación en ámbitos integrais de planeamento, onde se pode establecer un reparto total ou parcial dos custos de mantemento cos propietarios deses ámbitos, o que reduciría os custos a cargo do Concello.

A respecto do espazo público actual e os servizos e dotacións, terase en conta que xa se contemplan nos orzamentos liquidados as partidas necesarias para o seu mantemento, por tanto, só se achegan como novos custos, os dos novos espazos que se urbanicen a partir dos actuais.

	Parámetro referencia	CUADRIENIOS E ANOS			
		1º	2º	3º	RESTO
		4	4	4	10
Parámetros cuantificados por habitante					
Novos Habitantes (positivos)		0	418	1.148	1.466
Seguridade e protección civil e social	72,480	0	15.145	56.763	94.743
Equipamentos e dotacións	115,436	0	24.121	90.405	150.892
Parámetros cuantificados por superficie					
Novo viario publico urbanizado en ámbitos e núcleos		11.488	30.529	22.555	18.934
Novo espazo libre publico urbanizado en ámbitos e núcleos		59.011	44.230	15.101	42.358
Novos espazos libres públicos fora de ámbitos e de núcleos		0	26.036	20.776	34.341
Mantemento construtivo e reposición de novo viario público municipal nos núcleos de poboación	1,260			7.235	35.223
Mantemento construtivo e reposición de novo espazo libre público municipal nos núcleos de poboación	0,420			12.388	23.753
Mantemento espazo público municipal nos núcleos de poboación (inclúe limpeza, alumeado público e conservación xardíns)	0,639	22.524	46.409	58.441	78.024
Mantemento espazo público municipal no medio rural (inclúe limpeza, alumeado público, conservación xardíns e reposición construtiva)	0,213	0	2.773	4.985	8.643
COSTO ANUAL		22.524	88.448	230.217	391.277



3.4. BALANCE ECONÓMICO DOS CUSTOS DE MANTEMENTO E OS INGRESOS DERIVADOS DA MATERIALIZACIÓN DO PXOM.

Para valorar o balance derivado da materialización do PXOM deberemos ter en conta (ademais dos ingresos e custos estimados nos apartados anteriores) as achegas económicas derivadas das cifras oficiais de poboación (por aumento da mesma a respecto das cifras actuais de poboación coas que se fixeron as cuantificacións derivadas da situación municipal neste momento), que serán contribuídas polas diferentes administracións, e que estimaremos a partir das achegas reais derivadas do último orzamento municipal liquidado (2011), e que se reflectirán no cadro seguinte por cuadrienios ou períodos considerados no plan.

Clave orzamentaria	Procedencia	Valor total	€/Hab equivalentes
42	Do Estado	916.035	148,51
45	De Comunidades Autónomas	597.642	96,89
46	De Entidades Locais	355.127	57,58
	TOTAL	1.868.804	302,98

Con estes datos e os do resto de apartados anteriores, xa podemos cuantificar o balance neto de ingresos e gastos municipais, derivados do desenvolvemento total do plan, e do mantemento das dotacións e servizos.

	Parámetro referencia	CUADRIENIOS E ANOS			
		1º	2º	3º	RESTO
		4	4	4	10
INGRESOS					
Ingresos anuais novos habitantes	302,98	0	63.309	237.284	396.045
Ingresos anuais desenvolvemento PXOM		176.520	604.328	736.347	771.556
Ingresos anuais totais		176.520	667.637	973.631	1.167.601
GASTOS					
Custe anual mantemento		22.524	88.448	230.217	391.277
SALDO ANUAL		153.996	579.189	743.414	776.324
SALDO TOTAL PERÍODO		615.985	2.316.757	2.973.656	7.763.243

Como se pode comprobar, os saldos anuais e o balance neto de ingresos e gastos municipais derivados do desenvolvemento total do plan son sempre positivos, e permiten dedicar eses recursos adicionais a outras actividades e gastos municipais.



4. REFERENTES FUTUROS DO INVESTIMENTO PÚBLICO DO RESTO DAS ADMINISTRACIÓNS.

Para os efectos de dar cumprimento ao contido do artigo 60.2 da Lei do Solo 9/2002 de Galicia no que atinxe á “acreditación de conformidade” do financiamento de Sistemas Xerais e das actuacións previstas que se atribúan no Plan ás “administracións ou entidades públicas distintas do municipio”, a argumentación do presente capítulo estima niveis de investimento posibles, razoables e razoados que o Estado, a Xunta e a Deputación poderían asignar, así coma tamén das institucións europeas, baixo os supostos de “solidariedade intra-rexional” e de asignación territorial homoxénea, ao financiamento do Plan de Camariñas, dado que é imposible na práctica que estas administracións acheguen compromisos documentais de investimento futuro, segundo se solicita na LOUG.

Os ditos niveis de investimento poden servir de base á conveniación requirida do financiamento do Plan Xeral, en base ás actuacións prioritarias.

O obxectivo da análise do investimento público non municipal é o argumentar a viabilidade da asignación de investimento para o desenvolvemento do PXOM en termos comparativos, ou ben co investimento realizado nos últimos anos en Camariñas ou co esforzo medio por habitante no conxunto dos seus ámbitos territoriais de actuación.

Un primeiro referente de investimento público ou do investimento con relación ao PIB e á poboación das distintas administracións públicas, no conxunto do Estado. O cadro seguinte recolle ditos indicadores para os tres niveis de Administración:

Investimentos Reais (Obrigas recoñecidas netas en Millóns de €)			
ANO 2010	Investimentos Reais	Habitantes	EUROS/HAB
Sector Público Estatal	8.070	46.864.418	172
Sector Público Autonómico	9.658	46.864.418	206
Sector Público Local excluído o municipal	2.114	46.864.418	45
Sector Público local Municipal*	12.897	46.724.399	276
TOTAL	32.739		699

* Non se dispón de datos de tódolos Municipios, só dos da poboación que se referencia.

De calquera xeito, realizarase unha sinxela análise dos orzamentos liquidados de investimento (estimando a parte de investimento que podemos considerar como territorial ou destinable a actuacións no territorio) dos últimos anos das diferentes administracións que poderían colaborar no financiamento do Plan, e logo sumaremos os totais para determinar un límite de asunción de investimentos que podería aplicarse en Camariñas para esas administracións, que sumadas ás que se asignan directamente ao concello, deberían ser suficientes para cubrir o investimento medio por habitante que establece o plan, coa marxe suficiente para que poidan ser asumibles.



Debemos ter en conta que os criterios que se empregan para calcular as cifras medias de investimento das administracións (polo menos das non municipais) son homoxéneos, é dicir, non se teñen en conta as particularidades e especificidades propias de cada municipio ou de cada parte do ámbito territorial no que interveñen as citadas administracións, polo tanto son referencias estimativas pero reais como referencia.

4.1. ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS.

ESTADO, XUNTA E DEPUTACIÓN.

A liquidación de orzamentos das distintas administración non municipais, isto é, Estado, Xunta e Deputación da Coruña, dos exercicios 2005 a 2010, ofrece os seguintes datos de investimentos non financeiros (investimentos reais e transferencias de capital), valoradas en millóns de euros:

RESUME DA LIQUIDACIÓN DE PRESUPOSTOS DO ESTADO. Exercicios de 2005-2010							
	MILLÓNS DE EUROS CORRENTES						
ANO	2005	2006	2007	2008	2009	2010	MEDIA
INVERSIÓNS REAIS	8.753	9.401	10.177	10.676	10.625	8.070	9.617
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	7.137	7.944	9.462	18.164	11.840	13.663	11.368
TOTAL INVERSIÓNS	17.894	19.351	21.645	30.848	22.465	21.732	22.323
HABITANTES	44.108.530	44.708.964	45.200.737	46.157.822	46.745.807	46.864.418	45.631.046
TOTAL INVERSIÓN/HAB.	405,69	432,82	478,87	668,31	480,57	463,73	488,33

RESUME DA LIQUIDACIÓN DE PRESUPOSTOS DA XUNTA. Exercicios de 2005-2010							
	MILLÓNS DE EUROS CORRENTES						
ANO	2005	2006	2007	2008	2009	2010	MEDIA
INVERSIÓNS REAIS	1.096	1.131	1.264	1.360	1.258	871	1.163
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.088	1.170	1.211	1.391	1.246	787	1.149
TOTAL INVERSIÓNS	2.184	2.301	2.475	2.751	2.504	1.659	2.312
HABITANTES	2.762.198	2.764.250	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.779.482
TOTAL INVERSIÓN/HAB.	790,74	832,27	892,60	988,08	895,42	592,88	832,00

RESUME DA LIQUIDACIÓN DE PRESUPOSTOS DA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA. Exercicios de 2005-2010							
	MILLÓNS DE EUROS CORRENTES						
ANO	2005	2006	2007	2008	2009	2010	MEDIA
INVERSIÓNS REAIS	34,40	26,31	26,79	22,95	20,93	23,87	25,88
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	30,41	35,35	55,57	54,44	64,47	76,42	52,78
TOTAL INVERSIÓNS	64,81	61,67	82,36	77,39	85,40	100,29	78,65
HABITANTES	1.126.707	1.129.141	1.132.792	1.139.121	1.145.488	1.146.458	1.136.618
TOTAL INVERSIÓN/HAB.	57,52	54,62	72,70	67,94	74,56	87,48	69,14

Se consideramos a evolución do investimento anual por habitante, que as distintas administracións non municipais (Estado, Xunta e Deputación), veñen asumindo dende o ano 2005 ata o ano 2010, vese claramente que veñen medrando de forma constante e cuantitativa, agás o investimento da Deputación que nos anos 2006 e 2008 ten unha tendencia á baixa, mais contrarrestada polos crecementos das outras dúas administracións. Así o **Estado** pasa



dun investimento no ano 2005 de 406 €/hab. a un de 668 €/hab. no 2008 e logo decrece ata os 464 de 2010, tendo unha media nos últimos seis anos de 488 €/hab.; por outro lado os investimentos da **Xunta** pasan dunha cantidade no ano 2005 de 791 €/hab. a 988 €/hab. no 2008 e logo decrece ata os 593 de 2010, cunha media nos últimos seis anos de 832 €/hab.; por último a **Deputación** é a única administración non municipal con altibaixos nos seus investimentos por habitante, pasando de 57 €/hab. no 2005 a 73 €/hab. no 2008 e baixa a 68 €/hab. no 2008 e logo volve a crecer ata os 87 de 2010, tendo unha media nos últimos seis anos de 69 €/hab. Atendendo a estes datos, polo tanto, pódense facer previsións de evolución fiables.

Estimando que de todo o investimento realizado, aproximadamente un 55% cubre as necesidades de reposición e investimentos non territoriais, polo tanto non asignables ao PXOM, e que polo tanto o resto do orzamento investido, un 45%, pódese considerar como investimento territorial e asignable ao PXOM, supón un importe por administración de 220 €/hab. do Estado, 374 €/hab. da Xunta e 31 €/hab. da Deputación da Coruña.

4.2. FONDOS EUROPEOS.

Ademais destes investimentos téñense que ter en conta os investimentos que se poden estimar como asumibles para a Unión Europea. Nos fondos estruturais da Unión Europea para o período 2000-2006 existen catro fondos estruturais:

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. (FEDER).

Fondo Social Europeo. (FSE).

Instrumento Financeiro de Orientación á Pesca. (IFOP).

Fondo Europeo de Orientación e de Garantías Agrícola-Sección Orientación. (FEOGA-O)

Os obxectivos prioritarios destes fondos estruturais, coa finalidade de acadar o esperado desenvolvemento harmonioso do conxunto da U.E., son os seguintes:

Promover o desenvolvemento e o axuste estrutural das rexións menos desenvolvidas.

Obxectivo nº 1.

Apoiar a reconversión económica e social das zonas con deficiencias estruturais. Obxectivo nº 2.

Apoiar a adaptación e modernización das políticas e sistema de educación, formación e emprego. Obxectivo nº 3.

O investimento dos **Fondos Europeos** en Galicia é moi significativo por ser unha rexión considerada como Obxectivo 1, polo tanto fíxose unha análise dos investimentos realizados nos últimos anos con esta procedencia para proxectar incidencias futuras deste tipo de financiamento.



GASTO TOTAL EN GALICIA DO PROGRAMA OPERATIVO INTEGRAD EUROPEO (P.O.I. 200-2006)							
	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
INVESTIMENTO TOTAL	705.869.361	752.263.424	762.451.351	778.138.880	766.489.815	774.364.107	781.470.265
INVESTIMENTO TERRITORIAL	498.860.770	512.461.528	513.003.954	519.053.554	502.183.261	505.836.252	511.336.474
% TERRITORIAL/TOTAIS	70,67	68,12	67,28	66,70	65,52	65,32	65,43
POBOACIÓN	2.731.900	2.732.926	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198	2.764.250
INVESTIMENTOS TOTAIS/HAB.	258,38	275,26	278,53	282,85	278,62	280,34	282,71
INVESTIMENTOS TERRITORIAIS/HAB	182,61	187,51	187,41	188,67	182,55	183,13	184,98

Se consideramos a evolución do investimento anual por habitante que os Fondos Europeos veñen asumindo dende o ano 2000 ata o ano 2006, vese claramente que se manteñen arredor dos 280 € sen apenas altibaixos na súa evolución, polo tanto pódense facer previsións de evolución fiables.

De todo o investimento realizado tense calculado con bastante exactitude, segundo o destino das diferentes partidas xerais, os investimentos que se poden considerar como territoriais, que supón un importe por habitante máis ou menos constante duns 180 €/hab./ano, polo que, aínda que non se dispoñen de datos oficiais de anos posteriores, estimaremos unha evolución parella nos vindeiros, mantendo eses valores para o 2007.

Tendo en conta todas estas consideracións, parece consecuente afirmar que, da conxugación dos datos de investimento analizados e das previsións establecidas neste E.E.F. para o Plan, obtense a conclusión razoable de que os Fondos Europeos poden asignar unha capacidade de investimento anual de, cando menos 180 € por habitante e ano, que serán os que consideremos como referenciais aos efectos de estimar a súa posible participación nos investimentos anuais previstos para os vindeiros 3 cuadrienios da estratexia principal do presente Plan e no resto ata os 22 anos previstos.



5. XUSTIFICACIÓN DA VIABILIDADE DA ASIGNACIÓN DOS INVESTIMENTOS.

5.1. CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS.

Na seguinte táboa resúmense as capacidades de investimento das distintas administracións non municipais e o seu investimento asignado polo PXOM.

RESUMO DA CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DAS ADMINISTRACIÓNS NON MUNICIPAIS								
	CAPACIDADE DE INVESTIMENTOS				PREVISIÓN DE INVESTIMENTO POR FASES (miles de euros)			
	EUROS/ HABITANTE ANO	FASE ou CUADRIENIO	HABITANTES MEDIOS/ ANO	POR FASE (miles de €)	1º CUADR	2º CUADR	3º CUADR	FORA DE PROGRAMA
ESTADO	219,7	1º CUADR	6.168	19.867	2.520	7.140	4.120	7.685
XUNTA	374,4	2º CUADR	6.377	20.540				
DEPUTACIÓN	31,1	3º CUADR	6.951	22.390				
FONDOS EUROPEOS	180,0	FORA DE PROGRAMA	7.475	60.194				
TOTAL	805,26	MEDIAS	6.743	30.748				
MARXE SOBRANTE INVESTIMENTO %					87,32%	65,24%	81,60%	94,89%

Como podemos observar, e xa como resumo, a asignación orzamentaria para o Plan por parte das administracións non municipais é perfectamente asumible (con marxes sobrantés de axuste a maiores de entre o 65 e o 95 % nesas fases ou quadrienios) é razoable tendo en conta as características do Concello e as capacidades investidoras desas administracións.

Cómpre aclarar que **no que atinxe á distribución dos importes das obras necesarias para a execución das determinacións do Plan que se conteñen no presente estudo económico, as cantidades asignadas ás administracións distintas da municipal (que se engloban nun conxunto, e por tanto non se asignan realmente a ningunha administración en particular), teñen carácter indicativo** (agás nos casos en que poida xustificarse documentalmente a aceptación do citado organismo, ou que veña recollido nos seus orzamentos anuais como unha actuación concreta, orzamento que se axuntará como xustificante no seu caso).

5.1.1. IMPACTO DAS ACTUACIÓNS NAS FACENDAS DESTAS ADMINISTRACIÓNS.

Dado que non se asignan importes individualizados no presente PXOM a administracións concretas distintas do Concello (entre outras razóns porque non hai conformidade para ningún tipo de gasto desas outras administracións neste concello), non se pode analizar en cada unha delas o posible impacto das posibles achegas ou investimentos, por tanto esa análise quedará reducido ao Concello, ao que si se asignan investimentos concretos.



5.2. CAPACIDADE DE INVESTIMENTO MUNICIPAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PXOM.

Na seguinte táboa resúmense por fases ou cuadrienios as capacidades de investimento (as iniciais e as derivadas da execución do plan) e as asignacións de gasto establecidas polo PXOM para o Concello, así como no seu caso, os custos de mantemento das dotacións, instalacións e servizos executados que dependan do Concello.

RESUMO DA CAPACIDADE DE INVESTIMENTO DO CONCELLO					
	CAPACIDADE DE INVESTIMENTOS €/HABITANTE ANO	PREVISIÓN DE INVESTIMENTO POR FASES (miles de euros)			
		1º CUADR	2º CUADR	3º CUADR	FORA DE PROGRAMA
ANOS		4	4	4	10
Capacidade na situación actual	26,65	782	813	846	2.270
Recursos por aumento de poboación	302,98	0	253	949	3.960
Recursos por desenvolvemento do PXOM		706	2.417	2.945	7.716
	TOTAL RECURSOS	1.492	3.488	4.745	13.956
Asignacións no EEF		745	950	997	1.605
Necesidades de mantemento		90	354	921	3.913
	TOTAL GASTOS	835	1.304	1.918	5.517
	RESULTADO	657	2.184	2.827	8.438
	MARXE SOBRANTE INVESTIMENTO %	44,02%	62,62%	59,59%	60,46%

Como podemos observar, e xa como resumo, a asignación orzamentaria para o Plan por parte da administración municipal é perfectamente asumible (con marxes sobranceiros de axuste, a maiores, de entre o 44 e o 62 % nesas fases ou cuadrienios) é razoable tendo en conta as características do Concello e as súas capacidades investidoras analizadas en apartados anteriores (principalmente no apartado 3).

5.2.1. IMPACTO DAS ACTUACIÓNS NA FACENDA PÚBLICA MUNICIPAL.

Neste informe ou memoria de sustentabilidade económica, se ten ponderado con profusión e detalle o impacto da actuación nas Facendas Públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes (e sobre todo na facenda municipal, que será a encargada do mantemento da inmensa maioría dos servizos).

O impacto que suporía a materialización total do PXOM no período esperado, pódese ver claramente no cadro do apartado anterior, onde se sintetizan, por fases, as entradas e saídas (ingresos e gastos) de investimentos durante a materialización do PXOM, deducíndose que **o impacto é positivo en todos os períodos analizados**, e que **incluso queda moita marxe de manobra** para un hipotético caso de esgotamento do plan (no último período analizado sobra un 60% da capacidade estimada de investimento específico para o PXOM), e mesmo no caso contrario de ralentización da súa execución, pois no caso de que a materialización do plan se



alongo máis no tempo tamén se rebaixará proporcionalmente a necesidade de investimento municipal (por non haber a demanda de servizos esperada), e manterase o equilibrio do investimento e a súa necesaria sustentabilidade, dilatando nun tempo maior o que neste PXOM se estimaba executar no seu horizonte de 22 anos.

Ademais, na hipótese de escenario de proxección dos ingresos-gastos analizados, non se tiveron en conta posibles recursos que se poderían poñer, aínda, en marcha en caso necesario:

- Tense considerado que para o PXOM tense reservado só o 12% do investimento do concello.
- Non se tiveron en conta moitos dos impostos que o Concello recada con base no crecemento urbanístico ou poboacional como o Imposto de Bens Inmóveis (IBI) do novo solo clasificado, o Imposto de Incremento del Valor de los Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU), o Imposto de Actividades Económicas (IAE), o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), entre outros.
- Non se tivo en conta a posible subida das taxas, tarifas ou impostos municipais dos servizos e das tramitacións contempladas (sobre todo as que superen ao IPC).
- Non se tivo en conta a posible subida do IBI, como importante fonte de recursos municipais.
- Tampouco se tivo en conta o posible aumento de categoría do concello polo posible aumento de poboación (e o conseguinte aumento de achegas proporcionais, do Estado, ás arcas municipais).
- Non se tiveron en conta as posibles medidas de racionalización, aforro e axuste orzamentario (sen minguas nos servizos prestados) que se están levando a cabo nos servizos municipais de moitos concellos, ante a situación de crise, o que pode mellorar notablemente o rendemento orzamentario municipal dos recursos dispoñibles, sobre todo habida conta da toma de conciencia real da situación que os concellos están a asumir con total conciencia, e actuando efectivamente en consecuencia.

En resumo, quérese dicir con isto que con todos os cálculos, suposicións e alternativas analizadas, así como os medios en reserva e a importante marxe sobrante dos recursos estimados, queda plenamente garantida a capacidade da facenda municipal en calquera escenario de desenvolvemento do plan (recorte ou alongamento dos períodos previstos para iso), incluso con moitas medidas de reserva para o caso de que a situación se complique máis do que neste intre se espera, ou para seguir aprovisionándose no aspecto económico coas marxes sobrantes que se teñen estimado nos cálculos, para poder afrontar mellor, durante os próximos anos, a actual fase de crise.



5.3. INVESTIMENTO PRIVADO.

O investimento privado previsto no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Camariñas vén establecido por diversas actuacións destinadas á xestión e aproveitamento de iniciativa privada por importe de 15,3 M €. Para o presente E.E.F non se dispoñen de datos cos que poder facer unha análise dos investimentos de iniciativa privada, feitas no pasado, e así poder establecer criterios valorativos respecto ao asumible ou non asumible deste investimento previsto.

Pero, dado que o investimento privado corresponde, na súa práctica totalidade, ao desenvolvemento de ámbitos de planeamento, o que si se pode afirmar é que o Plan, para garantir a viabilidade da súa execución tense asegurado de que as cargas que comporta a transformación do solo en cada área de reparto, segundo as súas determinacións, son asumibles co aproveitamento urbanístico que se lle asigna.

En resumo, se se ten en conta o equilibrio de cargas e beneficios, así como o necesario beneficio económico de cada actuación, está asegurada a viabilidade dos ámbitos, e por tanto tratarase en todos os casos de actuacións rendibles, que é a condición básica para acometer o seu desenvolvemento pola iniciativa privada, por tanto no presente caso do investimento privado, *viabilidade* é sinónimo da *sustentabilidade* esixida, obxecto principal da xustificación do presente capítulo.

5.4. CONCLUSIÓNS SOBRE A SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA DO PXOM.

Estímase que unha vez analizada e xustificada nos anteriores apartados a sustentabilidade ou a viabilidade individualizada das dúas fontes fundamentais de financiamento público, o Concello, e as administracións ou entidades públicas distintas do municipio, que deberán soportar economicamente a meirande parte dos custos derivados do PXOM (xa que se ten constatado que a parte correspondente a iniciativa privada non é cuantitativamente importante, cando menos nas primeiras fases de desenvolvemento do PXOM, e sobre todo dada a actual fase de crise), se pode afirmar que o plan é sustentable economicamente a tódolos efectos, incluso tendo en conta os custos derivados do mantemento das dotacións, instalacións e servizos executados polo Concello no seu desenvolvemento.

Pontevedra, Outubro do 2012.

Asdo. Xoán Carlos Portela Regodeseves
Director do Equipo